



**MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO ENTRE A VICEPRESIDENCIA E  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA E O  
COLEXIO OFICIAL DE PSICOLOXÍA DE GALICIA PARA A PARA A COLABORACIÓN  
NA EMISIÓN DE INFORMES PERICIAIS PSICOLÓXICOS**

Esta consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza é o órgano da Administración autonómica que ten atribuído o exercicio das competencias en materia *de xustiza en virtude do artigo 20 do Estatuto de autonomía de Galicia, aprobado pola Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, que se exercen a través da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza. É desexo desta Consellería a realización de todas aquelas actuacións coas que poida acadarse a maior eficacia en relación cos temas da Administración de xustiza en xeral, segundo as funcións que lle atribúe o Decreto Decreto 72/2013, do 25 de abril, no que se establece a súa estrutura orgánica.*

No mencionado ámbito material, constitúe un dos obxectivos do presente convenio co *Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia para a elaboración dos informes psicosociais solicitados polos xulgados de familia de modo que se poida superar o retraso acumulado.*

Antecedentes: Os equipos psicosociais do Instituto de Medicina Legal de Galicia (IMELGA) créanse a partir da incorporación ao mesmo dos psicólogos con destino en los xulgados de familia que existían na Coruña, Pontevedra e o adscrito á Clínica Forense de Vigo. Coa creación do IMELGA no ano 2006 e os cambios legislativos en materia de violencia de xénero, fai que se creen prazas de psicólogos e traballadores sociais en todas as Subdireccións e que se dote dun segundo equipo nas poboacións máis grandes ( A Coruña e Vigo). Así, no ano 2006, ano de creación do IMELGA, a plantilla de psicólogos e traballadores sociais do Imelga estaba constituída por 10 psicólogos e 9 traballadores sociais, sumándose outro psicólogo máis, con destino en Ourense, no seguinte ano 2007.

En materia de familia, os iniciais equipos, quedaron inmediatamente desbordados coa súa incorporación ao IMELGA, dado que viron subitamente aumentados o número de xulgados que tiñan que atender e, por tanto, o número de asuntos, xa que empezaron a responder as demandas de todo o territorio da Subdirección do IMELGA no que quedaron incorporados. Incluso nos territorios onde se nomeou un segundo equipo, os peritos non puideron respostar a gran demanda de valoración nesta





materia, á que se sumou outras solicitudes de informes periciais, con especial significación da ligada á xustiza penal (violencia de xénero, credibilidade da testemuña en menores abusados, dano psíquico, imputabilidade, acoso, etc.)

Nestes anos non só se incrementou o tipo de valoracións que se pide a estes equipos, sendo cada día mais frecuente que os Xulgados e Tribunais acudan a eles para concretar algunha circunstancia importante para a toma de decisións e para concretar os danos sufridos como consecuencia da situación que se dirime ante o tribunal, senón que tamén produciuse un incremento no número total de demandas, tanto por tipo de pericias, como en números globais.

As peticións que atenden os equipos psicosociais van moito mais alá das que se tiñan en mente no tempo da súa creación, de modo que a previsión de postos de traballo que se fixo, axiña revelouse completamente desaxustada ás exixencias reais. Se ao anterior engadimos as novas demandas de inmediatez que xorden dos cambios lexislativos e da propia presión da sociedade, atopamos unha situación gravemente disfuncional, con xeración de listas de espera en todas as Subdireccións do IMELGA, con tempos de espera superiores ao ano nalgúns territorios, e incluso con demoras de varios meses para as demandas que, por propia natureza (como as causas con preso), son de carácter urxente. Neste tempo houbo moitos esforzos puntuais para solucionar o problema, intervindo naqueles sitios onde o retraso era maior, con nomeamento de equipos de reforzo. Pero esta medida revelouse insuficiente por varias razóns:

- Os distintos equipos de reforzo nomeados ao longo do tempo, non foron nunca capaces de alcanzar os obxectivos fixados. A falta de experiencia profesional e a demora no nomeamento, fixo que a lista de espera seguise medrando.
- Una vez cesados os equipos de reforzo, a situación volvía a ser a mesma: cun desaxuste entre a demanda pericial e a capacidade dos equipos, de modo que en poucos meses se volvía á situación de retrasos que se tiña procurado solucionar.

Seguindo un modelo xa establecido polo Ministerio de Xustiza no convenio de co Consello Xeral de Colexios Oficiais de Psicólogos para, entre outras cuestións, a emisión de informes periciais o presente





convenio pretende actuar sobre esta situación polo que, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza pretende conveniar co Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia para a elaboración dos informes psicosociais solicitados polos xulgados de familia de modo que se poida superar o retraso acumulado.

Finalidade: Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar co *Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia* o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a súa sinatura ata o cumprimento, polas partes, das obrigas asumidas. En ningún caso excederá do 31 de decembro de 2017.

O convenio ten por obxecto establecer as bases da colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia para a realización, por parte do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia de informes periciais psicolóxicos a solicitude dos órganos xudiciais en Galicia. De modo que os psicólogos que realicen estes servizos deberán ser seleccionados entre os colexiados que cumpran cos requisitos xurídico-administrativos para o exercicio profesional, conforme aos seguintes criterios e pola orde de prioridade en que se relacionan:

- 1.º O desempeño de actividades de similares características
- 2.º A formación e especialización no ámbito da psicoloxía xurídica.

O instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

- Os psicólogos que presten estes servizos deberán ser seleccionados polos respectivos colexios profesionais entre os colexiados que cumpran cos requisitos xurídico administrativos para o exercicio profesional, e que teñan formación e/ou especialización no ámbito xurídico ademais de ter realizado actividades de similares características. Exercerán as súas funcións sempre a petición dos xulgados e tribunais, que derivarán a petición directamente ao Colexio e de acordo coas instrucións concretas que estes indiquen para cada caso, e actuarán no ámbito da súa disciplina con plena independencia e baixo criterios estritamente científicos.





- O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia ten como competencias propias o ordenamento do exercicio da profesión de psicólogo en todas as súas formas e especialidades, a representación exclusiva da mesma e a defensa dos intereses profesionais dos colexiados, a vixilancia do exercicio da profesión, facilitando o coñecemento e cumprimento de todo tipo de disposicións legais que afecten á profesión de psicólogo, e facendo cumprir a ética profesional e as normas deontolóxicas do psicólogo, así como velar polo axeitado nivel de calidade das prestacións profesionais dos colexiados, para o que promoverá a formación e perfeccionamento destes e cooperará na mellora dos estudos da licenciatura en psicoloxía. Tamén son funcións propias do Colexio o fomento da promoción e desenvolvemento técnico e científico da profesión e da ciencia psicolóxica, a solidariedade profesional e o servizo da profesión á sociedade.

Financiamento: Co fin de financiar os gastos relativos ao nomeamento dos psicólogos que realizarán os informes psicosociais, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza financiará ao Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia ata un importe máximo de 112.000,00 €, sendo abonada ao Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, do seguinte xeito:

- O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia emitirá, con carácter mensual, a correspondente certificación do cumprimento da finalidade para a que foi concedida a axuda, na que se detalle os informes periciais efectuados. A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza comprométese a aboar ao Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia os gastos que deriven da realización dos informes periciais, cun pagamento máximo único a razón de 420 euros (IVE incluído) por cada informe, que incluírá todos os gastos xerados pola intervención pericial.
- Ademais, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza compensará ao Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia pola organización da actividade realizada cunha cantidade de 1.500 euros (IVE incluído).

Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación do texto refundido da





**XUNTA DE GALICIA**

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

galicia

Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4.2 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

Santiago de Compostela, 23 de xuño de 2017

